

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL MONFERO

Nomeamento membros XGL e establecemento do réxime sesións ordinarias

ANUNCIO

NOMEAMENTO MEMBROS XGL E ESTABLECIMENTO REXIME SESIÓNS ORDINARIAS

Por resolución da Alcaldía núm. 264/2023, de data 22 de xuño de 2023, resolvín

PRIMEIRO. Nomear membros da Xunta de Goberno Local do Concello de Monfero aos seguintes concelleiros:

Primeiro tenente de alcalde: D. Alberto Cortizas Rejo

Segundo tenente de alcalde: D. José Grueiro Torrado

Terceiro tenente de alcalde: D. Ramón Grueiro Martínez

SEGUNDO. Establecer que as sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local terán lugar o segundo e o cuarto mércores de cada mes ás 14:00 h., agás no mes de Agosto. Se cadrara en festivo ou non se puidera celebrar por calquera outro motivo, trasladarase ao xoves seguinte.

TERCEIRO. A sesión constitutiva da Xunta de Goberno Local terá lugar o día 28 de xuño de 2023 ás 14:00 horas, para o que se efectuará a oportuna convocatoria por parte desta Alcaldía.

CUARTO. Notificarlles esta resolución ás persoas designadas. Considerarase que aceptan tacitamente, salvo que manifesten expresamente a súa oposición no prazo de tres días hábiles, que contarán a partir da data en que reciban a notificación.

QUINTO. Remitir a resolución de nomeamento ao Boletín Oficial da Provincia para que se publique neste e facer o propio no Taboleiro de anuncios do Concello, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte ao desta resolución.

SEXTO. Informar ao Pleno do Concello desta resolución na primeira sesión que celebre.

O que se publica en cumprimento do disposto polo artigo 52.4 en relación co artigo 46.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Monfero, 3 de xullo de 2023

O Alcalde,

Andrés Feal Varela

2023/5463



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL MONFERO

Delegación de funcións Xunta de Goberno Local

ANUNCIO

DELEGACIÓN DE FUNCIÓNS DA ALCALDÍA NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

De acordo co establecido no artigo 43 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e no uso das facultades que me confire o artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, resolvín

Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes funcións:

1. A autorización e a disposición de gastos da súa competencia e o recoñecemento e a liquidación de obrigas e a aprobación das facturas correspondentes cando a súa contía supere os 2.000,00 €, IVE incluído, cos límites e excepcións que se sinalan máis adiante e cos que establezan as bases de execución do orzamento que estean en vigor de cada momento.
2. A aprobación das certificacións das obras e das actas de recepción ou entrega.
3. As competencias en materia de actividades no ámbito local, agás o control administrativo dos establecementos abertos ao público nos que se desenvolvan espectáculos públicos ou actividades recreativas e a organización de espectáculos públicos e actividades recreativas e os relativos ás festas populares e similares.
4. O outorgamento das licenzas urbanísticas en xeral e, se for o caso, as súas prórrogas, licenzas de primeira ocupación, de segregación, de parcelación, así como a emisión de informes requiridos pola normativa sectorial, a non ser que as ordenanzas ou as leis sectoriais llelos atribúan a outros órganos.
5. A concesión de tarxetas de estacionamento para vehículos ocupados por persoas con mobilidade reducida.
6. As contratacións de toda clase, incluídos os contratos menores, cando o seu importe, IVE incluído, sexa superior aos 4.000,00€ e non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento e, en calquera caso, os 6.000.000,00 €. Inclúense as de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado das súas anualidades non supere nin a porcentaxe nin a cantidade sinaladas no orzamento do primeiro exercicio.
7. A adxudicación de concesións sobre os bens, a adquisición de bens e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin os 3.000.000,00 de €. Tamén se delega a función de alleamento do patrimonio, salvo os bens declarados de valor histórico ou artístico, no caso de que non superen a porcentaxe nin a cantidade indicadas.
8. A devolución ou a cancelación de garantías definitivas constituídas por contratistas para responder do cumprimento dos contratos celebrados e demais que se esixan.
9. As de convocatoria, concesión e xustificación de axudas, colaboracións, emerxencias sociais e outras subvencións.
10. A aprobación da convocatoria e das bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo, a declaración de situacións administrativas del e o recoñecemento de servizos para o efecto de trienios.
11. A aprobación de padróns fiscais e liquidacións tributarias, individuais e colectivas, así como os aprazamentos e fraccionamentos, e das liquidacións dos convenios celebrados con outras Administracións Públicas.

Todo sen prexuízo de que o Sr. Alcalde poida avocar estas competencias en calquera momento e exercelas por razóns de urxencia ou oportunidade.

O que se publica en cumprimento do artigo 44.2 do regulamento citado.

Monfero, 3 de xullo de 2023

O Alcalde,

Andrés Feal Varela